



Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela

MOCIÓN SOBRE A RENOVACIÓN DA FROTA DE AUTOBUSES URBANOS E A CONVOCATORIA DUN NOVO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obvia a importancia do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros. A eficacia e a eficiencia do servizo depende dos termos do contrato que vincula ao concello coa empresa operadora. A inminente finalización da vixencia do actual contrato debería ser unha oportunidade para estimular a competencia e mellorar as condicións para usuarios e contribuíntes.

O anterior equipo de goberno do Partido Popular tiña previsto convocar, sen dilacións, un novo contrato para a prestación do servizo urbano de autobuses, tras proceder primeiro á renovación de once autobuses prevista no contrato aínda vixente, expediente de renovación de flota que foi iniciado nos primeiros meses de ano.

Sorprendentemente, tal proceso de renovación foi paralizado e o propio concelleiro responsable ten afirmado que non procederá a dar cumprimento ao Plan temporal de renovación do material móbil previsto no correspondente prego de condicións. Tal decisión (que ademais de privar, por exemplo, ás persoas con minusvalía de once autobuses adaptados exonera a unha gran empresa de facer unha achega de tres millóns de euros) resulta *chamativa*, -por non cualificala doutro modo- desde o punto de vista legal; e resulta inoportuna desde o punto de vista político, pois a necesidade de renovar os autobuses é evidente.

Sorprendente é tamén que non haxa noticia de que nestes sete meses de Goberno se avanzase na elaboración dun novo prego de condicións necesario para convocar un novo proceso contractual, novo marco contractual que resulta fundamental para corrixir os inconvenientes do actual contrato e para mellorar a eficacia e a eficiencia do actual servizo de transporte público.

Á vista do exposto Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción da Urgencia, coa proposta do seguinte

ACORDO

- 1.- O Pleno insta ao Goberno municipal a proseguir coa tramitación do expediente de renovación de flota.
- 2.- O Pleno insta ao Goberno municipal a axilizar e non demorar máis os traballos e trámites necesarios para convocar un novo contrato para a xestión do servizo de transporte colectivo urbano.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela